

INFORMACIÓN AOS MEDIOS**AXENDA INSTITUCIONAL DE ALTOS CARGOS DA XUNTA DE GALICIA PARA HOXE, VENRES, 17 DE XULLO DE 2026****PRESIDENCIA****NIGRÁN (Pontevedra)**

11,30 h.- O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, acompañado pola conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana, visitará as instalacións de UARX Space, con motivo da inminente viaxe cara a California e posterior lanzamento do seu vehículo de transferencia orbital OSSIE.

TURISMO DE GALICIA**SANTIAGO DE COMPOSTELA**

13,00 h O comisario do Xacobeo 2027, Marcos Gómez Román, impartirá a conferencia *Preparación do Xacobeo 2027 e retos*, no marco do VIII congreso internacional *As Rutas de Peregrinación como Impulsoras do Turismo Global*.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA**OROSO (A Coruña)**

09,00 h.- A delegada da Xunta na Coruña, Belén do Campo, comprobará as melloras levadas a cabo no IES de Oroso.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE FERROL**ORTIGUEIRA (A Coruña)**

13,00 h.- A delegada da Xunta en Ferrol, Martina Aneiros, asistirá á Mesa Local de Comercio de Ortigueira.

FENE (A Coruña)

15,30 h.- A delegada da Xunta en Ferrol, Martina Aneiros, visitará a unha beneficiaria das axudas do programa Emega.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO**COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA**

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

PORTOMARÍN (Lugo)

16,30 h.- O delegado da Xunta en Lugo, Alfonso Villares, visitará aos participantes no campamento xuvenil que se desenvolve no albergue Benigno Quiroga.

CERVO (Lugo)

20,00 h.- O delegado da Xunta en Lugo, Alfonso Villares, asistirá ao Festival Folklórico Internacional organizado polo Grupo Mistura de Lieiro.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE OURENSE

OURENSE

10,00 h.- O delegado da Xunta en Ourense, Manuel Pardo, supervisará o estado das obras levadas a cabo no colexio CEIP Manuel Luis Acuña.

11,00 h.- O delegado da Xunta en Ourense, Manuel Pardo, e o director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Martín Alemparte, participarán na reunión de coordinación para o control de entrada de uva foránea.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

PONTEVEDRA

9,30 h.- O delegado da Xunta en Pontevedra, Pablo Fernández, recibirá ao presidente do Club de Amigos do Baloncesto de Pontevedra, Alberto Santos.

POIO (Pontevedra)

11,00 h.- O delegado da Xunta en Pontevedra, Pablo Fernández, visitará o resultado dos traballos de desbroce e limpeza de beirarrúas da pista de Xarrapio.

ARBO (Pontevedra)

12,30 h.- O delegado da Xunta en Pontevedra, Pablo Fernández, visitará o resultado dos traballos levados a cabo ao abeiro do Plan de Infraestruturas Rurais e informará sobre as actuacións que se desenvolverán na convocatoria deste ano.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

SAN LÁZARO

10,30 h.- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, reunirse co alcalde de Coristanco, Juan Carlos García Pose.

CEE (A Coruña)

13,00 h.- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, asinará un convenio de colaboración coa alcaldesa de Cee, Margarita Lamela; co alcalde de Corcubión, Xabier Domínguez; e co presidente da Deputación Provincial da Coruña, Valentín González Formoso, para a construción da nova estación depuradora de augas residuais.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

RIBADAVIA (Ourense)

19,00 h.- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, **Román Rodríguez**, e o conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, **José González**, acompañados polo delegado da Xunta en Ourense, Manuel Pardo, e o director xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo, asistirán á inauguración da 42ª edición da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

A CORUÑA

10,15 h.- A directora xeral de Persoas con Discapacidade, Begoña Abeijón, reunirse coa dirección da Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

VILAGARCÍA DE AROUSA (Pontevedra)

19,00 h.- A directora xeral de Promoción da Igualdade, Eloína Ingerto, visitará o punto lila e arco iris instalado no Atlantic Fest.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

SANTANDER

09,00 h.- O director xeral de Planificación Enerxética e Minas, Pablo Fernández Vila, intervirá no coloquio sobre *A enerxía nun mundo incerto. Redes e industria ante os retos globais*, organizado dentro dos cursos de verán da Universidade Internacional Menéndez Pelayo.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

SANTIAGO DE COMPOSTELA

09,00 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, participará de xeito telemático no Consello de Administración da Sociedade de Vivenda Pública de Galicia (Vipugal).

VIMIANZO (A Coruña)

11,00 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, xunto á delegada da Xunta na Coruña, Belén do Campo, supervisará o inicio das obras de prolongación da autovía da Costa da Morte.

VIGO

13,30 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, xunto á delegada da Xunta en Vigo, Ana Ortiz, dará conta dunha nova licitación de vivenda pública no barrio de San Paio de Navia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

LÁNCARA (Lugo)

12,00 h.- O conselleiro de Sanidade, **Antonio Gómez Caamaño**, xunto co xerente da área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, Ramón Ares, visitará a residencia de maiores A Veiga no marco da campaña de vacinación fronte ao herpes zóster e pneumococo.

POIO (Pontevedra)

21,00 h.- O conselleiro de Sanidade, **Antonio Gómez Caamaño**, acompañado do delegado da Xunta en Pontevedra, Pablo Fernández, e da directora xeral de Urbanismo, Encarnación Rivas, asistirá á 29ª edición da Cea Tómbola da Asociación Española Contra o Cancro de Pontevedra.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

SAN CAETANO

12,00 h.- O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, **José López Campos**, acompañado pola secretario xeral da Lingua, Valentín García, presentaralle á presidenta do Consello da Cultura Galega, Dolores Vilavedra, a proposta de actualización do Plan xeral de normalización da lingua galega.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

9,30 h.- O secretario xeral da Lingua, Valentín García, participará na inauguración da xornada *Os centros de estudos galegos a debate*.

CIDADE DA CULTURA

11,00 h.- O director xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo, participará na presentación do XII Congreso Nacional de Bibliotecas Móviles.

12,00 h.- O director xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo, asistirá á xuntanza do Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

SANTIAGO DE COMPOSTELA

13,30 h.- O secretario xeral da Lingua, Valentín García, presentará a actividade de dinamización lingüística *Galego pode selo calquera*, no marco do programa FalaRedes 2026.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

O GROVE (Pontevedra)

13,00 h.- O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, **José González**, acompañado pola directora xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, Marta Mariño, participará na clausura do *Encontro da Toxa 2026: Galicia, ante unha nova realidade*.

Posteriormente, **ás 14,30 h.**, asistirá ao xantar e ao acto onde fará entrega do *Premio Empresario Galego do Ano 2026* a Antonio Fontenla, presidente da Confederación de Empresarios da Coruña (CEC).

O PORTO DO SON (A Coruña)

19,30 h.- O secretario xeral da Emigración, Antonio Rodríguez Miranda, participará no acto de inauguración da exposición *Sonenses en América e americanos en Porto do Son*.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

PONTEVEDRA

17,00 h.- A conselleira do Medio Rural, **María José Gómez**, acompañada polo director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Martín Alemparte, visitará o Centro de Formación e Experimentación Agraria de Lourizán para dar conta do grao de matriculación nos ciclos formativos da rama agraria.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

MEAÑO (Pontevedra)

20,00 h.- A conselleira do Medio Rural, **María José Gómez**, acompañada polo delegado da Xunta en Pontevedra, Pablo Fernández; polo director xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria, Juan José Cerviño, e pola directora xeral de Planificación e Ordenación Forestal, Luisa Piñeiro, participará na inauguración da XXV Festa do Viño de Meaño.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

10,00 h.- A directora xeral de Planificación e Ordenación Forestal, Luisa Piñeiro, reunirse con responsables da Asociación para a certificación española forestal PEFC España.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

13,00 h.- O director xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria, Juan José Cerviño, reunirse con representantes da Asociación de Criadores de Raza Porcina Celta (Asoporcel).

CONSELLERÍA DO MAR

SAN CAETANO

10,00 h.- A conselleira do Mar, **Marta Villaverde**, recibirá aos estudantes do ciclo medio de Xestión Administrativa do CPR Nebrija Torre de Hércules promotores do proxecto *Eskalium*.

MUROS (A Coruña)

12,00 h.- A conselleira do Mar, **Marta Villaverde**, participará nos actos de celebración do Día do Carme.

A CORUÑA

13,00 h.- A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, Ángeles V. Suárez, asistirá ao *showcooking* de carneiro de ría organizado pola Confraría de Ferrol.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA